

AS UXFOR: FERRAMENTA PARA FREAR O DETERIORO AMBIENTAL

Xosé Antonio Meixide*

O feito de que o 69% do territorio galego sexa superficie forestal, ou monte, non significa que contemos cunha proporción semellante de contorna ambientalmente propicia e óptima. Non significa tampouco que contemos cunha correcta planificación ou ordenación axeitada que integre as funcións produtiva, social e ecolóxica do monte nin que se estea a preservar axeitamente o patrimonio cultural e forestal que este alberga. E tampouco significa que se estean a aproveitar as múltiples producións que a foresta pode proporcionar. Sendo optimistas, nestes intras apenas o 7% desta superficie conta cunha xestión axeitada.

Isto non é así por razóns simples que se foron agrupando no tempo, senón que teñen o seu alicerce no abandono que sufriu o rural nas tres últimas décadas do século XX e na ocupación de terreos cunha única visión produtivista, malia que a vocación inescusábel e indiscutíbel fose a agrícola, a gandeira, ou mesmo a protectora. Sen embargo, esa visión produtivista do curto prazo soslaiou outros valores e puntos de vista.

Resolver o problema de falta de xestión profesional de moitos dos nosos montes, e compatibilizar isto coa aplicación da sustentabilidade, implica coñecer a estrutura interna do rural galego e da propiedade, polo que, para conseguir unha xestión axeitada dunha superficie suficiente e con suficiente impacto no territorio, é preciso atopar unha solución ao importante fraccionamento da superficie forestal galega.

Para poñermonos en situación, como punto de partida de moitos dos problemas que lle atinxen á nosa foresta temos que: polo menos hai 600.000 propietarios con pequenas tenzas que, por termo medio non superan os 7 ferrados (a terceira parte dunha hectárea); que o 90% dos propietarios que estaban vivindo no rural e do rural hai 30 anos, agora xa non o fan, habitando e traballando en urbes dentro e fóra de Galiza; e que este propietario, o que máis fixo (sen entrar a valorar se mellor ou peor), foi unha intervención forestadora ou reforestadora sen máis planificación que a do esquema: "PLANTO e CORTO".


Non é difícil comprender entón porqué nos atopamos con importantes problemas derivados deste panorama; algúns tan acuciantes coma os incendios forestais, a degradación ambiental, a subexplotación de recursos, etc.

Nunha clara aposta de cambio de estratexias e tácticas para o combate destas problemáticas vén de artellarse dende a Consellaría do Medio Rural unha serie de medidas para frear a súa incidencia e revertir as súas causas. Estas actuacións están a ter xa repercusión nas 1.270.000 hectáreas, divididas en máis de 6 millóns de pequenas parcelas, que compoñen a superficie minifundista galega.

Así, nunha viravolta, as novas accións no monte teñen unha clara visión preventiva. A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza amosa unha vocación netamente prevencionista, pero é ademais ambiciosa ao intentar pórle couto á parcelación do territorio forestal mediante a creación dunha figura con personalidade xurídica propia: as Unidades de Xestión Forestal (coñecidas como as UXFOR). Un instrumento concibido para que, os propietarios cun mínimo de sensibilidade e conscientes das desvantaxes das micropiedades, poidan xestionar de xeito conxunto o monte e mesmo reorganizar as teselas de forma máis rendíbel.

A importancia desta figura radica en que a xestión e planificación do monte se fai de acordo con instrumentos de xestión forestal e planeamentos preventivos –a escala superior á parcela–, con criterios que teñen en conta a sustentabilidade, a multifuncionalidade e os distintos aspectos que tradicionalmente se consideran na ordenación dos montes: ambiental, social e produtivo. Ademais permite ir máis aló, coa obtención da certificación de *xestión forestal sustentábel* nunha importante parte da superficie forestal, que doutro xeito non sería posíbel.

A regulamentación das UXFOR está desenvolvida no Decreto 101/2008. O



Fonte: Consellaría de Medio Rural

inicio desta singradura pode ser equiparábel ás concentracións parcelarias iniciadas na década de 1960, das que ninguén ignora o mecanismo de funcionamento malia que mudou por completo a realidade que propiciou a súa creación. Hoxe en día, as problemáticas son ben diferentes, pero as ferramentas que poñemos en marcha son igual de ambiciosas, e terán o calado que merecen entre os propietarios non profesionais e entre ese 66% de propiedade forestal minifundista ao que antes nos referíamos.

Calquera propietario con sensibilidade cara ás problemáticas da foresta galega, independentemente do lugar no que se atope e da súa menor ou maior implicación co rural, pode xa facer a súa declaración de interese para a integración das súas parcelas nunha UXFOR. No momento en que se sume superficie suficiente para a creación da mesma nese lugar, a Consellaría proporcionará as ferramentas necesarias para a súa constitución co fin de que os propietarios pasen a beneficiarse das súas vantaxes. Basta pois con que uns poucos queiran para facelo posíbel, e para darlle pulo e liderar este ambicioso proceso de muda do noso País.

QUE SON AS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL?

Cerna/Redacción

Para superar esta situación minifundista, de proliferación de biomasa forestal sen control e de abandono do monte galego, a Consellaría de Medio Rural creou un mecanismo de xestión de superficies forestais, polo cal varios propietarios reúnen nunha soa unidade de xestión e explotación as súas terras (sen deixar de ser os seus titulares) co propósito de rendibilizar esforzos e beneficios. Este instrumento pensado para ordenar e facilitar accións preventivas contra os lumes en terras minifundistas está contemplado na recente Lei 3/2007 e chámase Unidade de Xestión Forestal (UXFOR).

Cada unha destas unidades debe de ocupar un mínimo de 15 hectáreas, e os seus promotores deben ser ao menos o 50% dos propietarios desa superficie. A creación destas Unidades pode nacer da iniciativa voluntaria dos propios titulares das terras, ou ben ser constituídas de oficio por un Decreto da Administración, tras ser definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito.

As UXFOR funcionan como entidades xurídicas ou de xestión, con réxime estatutario, e están obrigadas a rexerse por un Plan de Xestión Específico de Ordenación ou Instrumento de Xestión Forestal, no que se contemplan as infraestruturas básicas de prevención contra os incendios e as medidas a adoptar. A través das UXFOR, os propietarios implicados sitúanse nunha posición prioritaria á hora de percibir axudas ou dotacións de infraestruturas, sobre todo aqueles que voluntariamente accedan a participar nesta forma de reorganizar o monte. Obterán ademais outros beneficios como a non deslocalización das parcelas, a posibilidade de representatividade no Plan de Xestión da Unidade, a valorización do terreo, a mellora das infraestruturas no conxunto do monte, o control sobre as ameazas do lume e a posibilidade de percibir rendas periódicas tras a aplicación do Plano de Xestión. Isto último pódese conseguir a través de negociacións entre os propietarios forestais que conforman as UXFOR e entidades financeiras que queiran investir nas plantacións ou nos outros aproveitamentos que se fagan destas unidades.

Por outra banda, as UXFOR contan cun seguro de protección contra os incendios que garante os beneficios económicos das plantacións aínda que se vexan asoladas polo lume. A Consellaría de Medio Rural considera que os propietarios terán máis vontade e disposición para coidar dos seus terreos forestais ao aplicarse unha metodoloxía pola que se asegura un ingreso anual.

Publicado en maio de 2008 o Decreto que as regula, arestora xa existen en Galiza 31 UXFOR, que supoñen máis e 3.000 hectáreas e agrupan 1.130 propietarios forestais e case 4.000 parcelas. Os terreos incluídos nas UXFOR son de características e titularidade diversas, e os obxectivos son tamén variados, desde a compatibilización de aproveitamentos (forestal e gandeiro) e diversificación das especies forestais ata a produción de castañas ou cogomelos.

+ info: <http://www.uxfor.info>. Tfno.: 881 997 047 / 881 997 195



OS ALIMENTOS ECOLÓXICOS SON FÁCILES DE CONSEGUIR!

LABREGOS DAIQUÍ

LÉVACHOS A CASA

Colabora cós labregos e labregas da túa terra

988 302 171
637 583 082
637 583 083

daiquiourense@hotmail.com
www.daiqui.com